

Concello de San Sadurniño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Prazo de publicación da actualización das ordenanzas ate o 31 de decembro»
Data	21 de decembro de 2022
Duración	Desde as 19:30 ata as 19:51 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Secundino García Casal
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	Araceli Bellas Castro	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32665954C	Lois Anxo Rodríguez Calvo	SÍ
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
32647647K	María Amparo Calvo González	NON
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ



Concello de San Sadurniño

32653802N	Tomás Calvo García	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. María Amparo Calvo González: «cita medica»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, acordándose por unanimidade a celebración da mesma, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 829/2022. Actualización IPC ordenanzas	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0
<p>Iníciase o debate sobre o asunto da orde do día coa intervención de dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que aproveita a palabra para desexar boas festas aos presentes.</p> <p>Continúa indicando que trátase de adoptar o acordo para a actualización conforme ao IPC dos importes establecidos nas ordenanzas fiscais municipais segundo o sinalado nos propios textos das mesmas. Indica, asimesmo, que aínda que se establece unha actualización automática no texto, técnicamente se informou pola Secretaría que esto xa non era posible e resultaba necesario un acordo plenario para poder aplicala.</p> <p>Indica tamén que a urxencia ven dada polos prazos e para poder realizar a aplicación dos novos importes a 1 de xaneiro de 2023.</p> <p>Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do grupo Mixto, para sinalar que na súa opinión é un exceso de papeleo e burocracia e que entende que ao tratarse dun acordo é posible votar a favor ou en contra.</p> <p>Don Secundino García, Alcalde, respóstalle que se trata dunha cuestión técnica.</p> <p>Continúa don Lois Anxo Rodríguez razoando sobre a diferenza entre un carácter automático e a existencia dunha votación, indicando que, centrado no asunto, entende que a cuestión é se se van a subir as taxas ou non, e que si é algo automático hai que facelo. Dende o seu punto de vista, engade, máis cercano á xente, coa que está caendo, os soldos á baixa, o IPC disparado e as grandes empresas enchendo o peto, entende que non é o momento máis axeitado, pero si é algo automático hai que facelo. Pide, non obstante, unha reflexión sobre o momento, a posibilidade dunha demora ou algún mecanismo neste sentido.</p> <p>Intervén a continuación dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que sinala que lendo os documentos do expediente entende que dende o 2017 non se aplicou a norma que obrigaba a este acordo expreso, que levan catro anos na Corporación e ela dous máis e que nunca se levou a pleno esta cuestión, e pregunta por qué antes non se facía e non se lle pedía informe ao anterior titular da secretaria, como sí consta solicitado neste caso.</p> <p>Resposta don Secundino García, Alcalde, sinalando que a cuestión que se está a plantexar</p>	



Concello de San Sadurniño

debería formularse ao anterior Secretario-Interventor, xa que él non é xurista e non sabe exactamente destas cousas, que se fai porque técnicamente informouse agora da cuestión.

Intervén a continuación dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen sinala que entende que para quen non coñece o funcionamento de quen está no goberno sexa difícil ver algunhas cuestións internas, pero que os gobernantes non son xuristas nin técnicos, e actúan baixo o asesoramento dos técnicos municipais. Efectivamente, esta actualización ven ao Pleno porque así o informa quen agora ocupa a Secretaría-Intervención, pero que a discrepancia entre técnicos existe e é natural e debe ser resolta entre eles. Recalca que o procedemento ven dado por un criterio técnico.

Engade tamén que non existe un incremento dos importes como tal, senón unha actualización conforme ao propio texto das ordenanzas, igual que se fixo en anos anteriores seguindo o criterio técnico do asesoramento que recibe o equipo de goberno, e indica que unha suba sería unha modificación que implicaría outro procedemento e un novo estudio de prezos.

Dona Belén Trigo intervén para sinalar que non está a falar do criterio da Secretaría, que o entende, senón de por qué non se lle solicitou informe aos anteriores secretarios, xa que entende que nese caso obteríase un criterio similar. Observa que neste expediente existe unha providencia de alcaldía solicitando ese informe e en anos previos non.

Dona María Muiño sinala que existe un procedemento administrativo que realiza un profesional, que en anos previos realizou que ocupaba a Secretaría-Intervención, quen é o responsable do expediente, e o equipo de goberno segue as súas indicacións. Se o anterior secretario tivese estimado que o expediente era distinto, teríao tramitado así.

Intervén don Secundino García para sinalar que é un tema puramente administrativo, o expediente e o procedemento fanse porque así o entende quen leva a intervención. É un tema técnico que ven dado polo propio método de traballo de cada quen.

Solicita a palabra don Lois Anxo Rodríguez para sinalar que non quere entrar de ningún modo a discutir a profesionalidade dos traballadores, que lle gustaría que constase que, por unha banda, é parte da Corporación e non lle gusta ir en contra da norma, pero por outra banda entende que hai que facer referencia á realidade e que existe discrepancia incluso na xurisprudencia nalgúns cuestións, incertidumes de interpretación... e que por ese motivo vaise abster neste punto porque o que suba a taxa non lle vai ben nin lle gusta á xente, e con esa liberdade que lle da a súa actuación persoal, absterase.

Don Secundino García indica que o tema é actualizar unhas ordenanzas respecto das que no seu momento tamén votou a favor don Lois Anxo Rodríguez, e que entende que a súa posición é lexítima dende a oposición, pero pediríalle coherencia neste punto, nomeando exemplificativamente a suba da peaxe da AP9 conforme ao IPC.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez para sinalar que a realidade é que a agrupación socialista de San Sadurniño ten independencia de actuación respecto das decisións doutras instancias e que como representante do PSdG en San Sadurniño actúa como entende moralmente sen sentirse condicionado por outros pensamentos, pois cre que tamén é importante a tranquilidade persoal.

Sen producirse máis intervencións, dase paso á votación da inclusión do asunto na orde do día de conformidade co sinalado no artigo 82.3 do ROF, ratificándose a inclusión por unanimidade.

Incorporado o corpo da proposta:

Visto que, de conformidade coa Providencia de Alcaldía, incoouse procedemento para a actualización das diferentes taxas e prezos públicos que se indican nas Ordenanzas Fiscais vixentes.

Visto que se emitiu informe pola Secretaría-Intervención, que indica:

O presente expediente trae causa da necesidade de manter a relación ingreso/custo dos



Concello de San Sadurniño

diferentes servizos e prestacións regulados nas diferentes Ordenanzas Fiscais do Concello de San Sadurniño.

En efecto, no textual das propias ordenanzas sinálase a aplicación do IPC como factor de actualización dos tributos regulados, e do sinalado nos artigos 25 e 44 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto 2/2004) e 7 e 25 da Lei 8/1989 de Taxas e Prezos Públicos extráese a obriga das entidades públicas de manter un equilibrio entre ingreso e gasto tendente, no caso das taxas, á súa cobertura, e no caso dos prezos públicos, a que dita cobertura sexa o mínimo a ter en conta.

Dita cobertura, calculada no momento de imposición, desequilibrase co simple paso do tempo se non se teñen en conta as evolucións económicas que se reflicten nun indicador como é o IPC (puidendo antenderse tamén a outros), xa que os custos de prestación de servizos van aumentando co paso do tempo e é necesario que nesa mesma proporción evolucionen tamén as contías reguladas, para evitar o desfase que suporía manter fixos os ingresos cando os gastos tenden claramente a subir.

[...]

Con base no exposto, esta Secretaría-Intervención informa en sentido favorable a actualización de taxas e prezos públicos proposto no apartado anterior. O acordo plenario que o aprobe, no seu caso, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

De acordo co sinalado nos artigos 22.2.d) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, 25 e 44 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto 2/2004) e 7 e 25 da Lei 8/1989 de Taxas e Prezos Públicos, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG e 3 do grupo municipal do PP) e 1 abstención (grupo Mixto) adopta os seguintes

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a actualización das Ordenanza fiscais que a continuación se relacionan exclusivamente no referente á actualización do IPC dos importes nelas reflectidos, con efectos de 1 de xaneiro de 2023:

ORDENANZA FISCAL N.º T-1: reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga

Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravame

[...]

Conceptos	Importe (euros)
Cota fixa cada tres meses para usos domésticos	10,41€
Cota fixa cada tres meses para usos comerciais ou industriais	17,34€
Consumo entre 0 e 30 m ³ cada tres meses	0,19€/m ³
Consumo entre 31 e 50 m ³ cada tres meses	0,38€/m ³
Consumo de máis de 51 m ³ cada tres meses	0,76€/m ³
Dereitos de acometida á rede	156,12€
Cota trimestral polo mantemento dos contadores	1,16€

[...]

ORDENANZA FISCAL N.º T-2: reguladora da taxa do servizo de recollida e tratamento das augas residuais



Concello de San Sadurniño

Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravame

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 156,12 €, que se reducirá a 80,95 € para as acometidas que deban utilizar sistemas de bombeo para o vertido á rede municipal.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de vertido na rede de sumidoiros consistirá nunha cantidade fixa que se determinará segundo o uso ao que se destine a edificación á que se preste o servizo, segundo a seguinte tarifa:

1. Vivendas (usos domésticos):

*11,56 €/ano para as acometidas que non precisen bombeo para o vertido á rede municipal.

* 5,78 €/ano para as acometidas que deban utilizar sistemas de bombeo para o vertido á rede municipal.

2. Usos comerciais ou industriais: 17,34 €/ano.

3. Descarga de residuos particulares de pozos negros na EDAR: 5,78€/m³

[...]

ORDENANZA FISCAL N° T-3, reguladora da taxa por recollida de lixo

Artigo 5º.- Cota tributaria

[...]

Concepto	Importe €
APARTADO 1: VIVENDAS	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	92,13
Zona 2 (unha recollida semanal)	61,80
Zona 3 (vivendas situadas a máis de 1.000 m. do punto de recollida máis próximo)	30,34
APARTADO 2: ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS	
A) Actividades de carácter industrial	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	280,89
Zona 2 (unha recollida semanal)	185,39
B) Restaurantes, casa de comidas, supermercados tiendas de alimentación e similares	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	230,34
Zona 2 (unha recollida semanal)	168,54
C) Cafeterías, tabernas e restantes actividades comerciais e mercantís	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	177,52
Zona 2 (unha recollida semanal)	123,59

[...]

ORDENANZA FISCAL N.º T-4, reguladora da taxa por expedición de documentos

Artigo 5.-Cota tributaria

[...]

Concepto	Tarifa
Epígrafe 1.- Censos e padróns de poboación	



Concello de San Sadurniño

1. Certificados de empadramento:	
Do padrón vixente	2,37€
De padróns ou censos anteriores, ata 10 anos de antigüidade	4,75€
De padróns ou censos anteriores, de máis de 10 anos de antigüidade	7,12€
2. Informes e certificacións de residencia, convivencia, dedicación profesional, conduta e similares, así como todos os informes non incluídos noutras epígrafes	3,57€
Epígrafe 2.- Certificacións, compulsas e cotexos	
1. Compulsa ou cotexo de copias (por cada folla)	2,37€
2. Por certificación dos acordos adoptados polos órganos de goberno	11,88€
3. Por certificacións feitas pola Secretaría-Intervención	5,94€
4. Por certificación de informes feitos por outros técnicos municipais que non sexan dos servizos urbanísticos	5,94€
5. Por certificación de información testificais feitas na Alcaldía	5,94€
6. Polo bastanteo de poderes que poidan surxir efecto nas tramitacións municipais	17,82€
7. Por calquera outra certificación non incluída nos apartados anteriores	3,57€
Epígrafe 3.- Documentos relativos ao funcionamento do PIC e outros servizos catastrais	
1. Consultas catastrais (copia de plano en A4)	2,37€
2. Consultas catastrais (copia de plano en A3)	3,57€
3. Certificados catastrais	7,12€
4. Por expedición de copias do catastro histórico	11,88€
5. Modificacións de titularidade catastral	11,88€
Epígrafe 4.- Tramitación de contratos administrativos	
1. Todos os contratos de obras que deban ser formalizados, en cumprimento do establecido na lexislación aplicable	5% do OEM (sen IVE)
2. Todos os contratos distintos dos de obras que deban ser formalizados, en cumprimento do establecido na lexislación aplicable	3% do orzamento (sen IVE)
Epígrafe 5.- Dereitos de exame	
1. Prazas do Grupo A1/A2/B ou asimilados	29,71€
2. Prazas do Grupo C1 ou asimiladas	17,82€
3. Prazas do Grupo C2 ou asimiladas	11,88€
Epígrafe 6.- Outros expedientes ou documentos	
1. Presentación de instancias xenéricas non recollidas en ningún dos conceptos anteriores	1,19€
2. Por fotocopias de documentos alleos a tramitacións municipais	
Fotocopia tamaño A4 B/N	0,13€
Fotocopia tamaño A4 en cor	0,29€
Fotocopia tamaño A3 B/N	0,23€
Fotocopia tamaño A3 en cor	0,59€
3. Calquera outro documento ou actuación municipal non incluída en ningunha das epígrafes anteriores	3,57€



Concello de San Sadurniño

[...]

ORDENANZA FISCAL N° T-5, reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos.

Artigo 6.º.- Cota tributaria.

1.-A cota aplicable será a seguinte, para o feito imponible previsto na epígrafe 1 do artigo 2.º:

Licenzas de tramitación ordinaria:

– Para establecementos cuxa superficie non exceda de 50 m2: 197,73 €.

– Por cada m2 que exceda de 50: 1,30 €.

Licenzas de tramitación especial, para actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas:

– Para establecementos cuxa superficie non exceda de 50 m2: 395,46 €.

– Por cada m2 que exceda de 50: 2,64 €.

[...]

ORDENANZA FISCAL N° T6, reguladora da taxa por ocupación do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral

Artigo 5º- Base imponible e cota tributaria

1.-As bases de imposición e tipos de gravame son os comprendidos nas seguintes tarifas:

Tarifa primeira: Palomillas, transformadores, caixas de amarre, distribución e rexistro, cables, rieles, tuberías e outros análogos:

* Palomillas para suxeitar cables, cada unha, 0,23 €.

* Caixas de amarre, distribución e rexistro, cada unha, 7,81 €.

* Cables de alimentación ou conducción de enerxía eléctrica, por metro lineal ou fracción: 0,04€.

* Conducción telefónica aérea, adosada ou non a fachadas, por cada metro lineal ou fracción: 0,04 €.

* Ocupación de vía pública con tuberías para a conducción de auga, por cada metro lineal ou fracción: 0,07 €.

Tarifa segunda: postes:

* Postes de calquera material, cada un: 3,90 €; a Alcaldía poderá conceder bonificacións de ata 50% do importe desta tarifa cando os postes instalados por particulares con outros fins sexan ó mesmo tempo utilizados por algún servizo municipal.

Tarifa terceira: Básculas, aparellos ou máquinas automáticas:

* Por cada báscula: 39,01 €.

* Cabinas fotográficas, por cada metro ou fracción: 7,81 €.

* Aparellos ou máquinas de venda ou expedición automática de calquera produto ou



Concello de San Sadurniño

servicio, non especificado noutros epígrafes: 39,01 €.

Tarifa cuarta: Aparellos surtidores de combustibles e análogos:

* Ocupación da vía pública ou terreos municipais con aparellos surtidores de combustibles, por cada metro cadrado ou fracción: 0,78 €.

* Ocupación do subsolo das vías públicas con depósitos de combustibles, por cada metro cúbico ou fracción: 1,56 €.

[...]

ORDENANZA FISCAL N° T-7, reguladora de taxa por licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer

Artigo 5.º.- Cota Tributaria

1.-A cota tributaria será unha cantidade fixa, con arranxo á seguinte tarifa:

1.-Concesión e expedición de licenzas: 113,58 €.

2.-Autorización para a transmisión de licenzas:

a) Transmisión “inter vivos”: 118,64 €.

b) Transmisión “mortis causa”: 79,08 €.

3.-Substitución de vehículos: 39,54 €.

[...]

ORDENANZA FISCAL N°T8, reguladora da taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos e a utilización de instalación deportivas municipais.

Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravamen.

[...]

A) Casa da Cultura	
Conceptos	Importe (en euros)
Asistencia a eventos cun cachet inferior a 500€	3,60€
Asistencia a eventos cun cachet de 501 a 1000€	5,99€
Asistencia a eventos cun cachet de 1001 a 3000€	9,58€
Asistencia a eventos cun cachet de máis de 3000€	11,97€
Bono para tres actuacións para o ano natural independentemente do cachet	14,38€
B) Polideportivo municipal (tarifas por hora ou fracción)	
Conceptos	Importe (en euros)
Utilización para usos deportivos por entidades deportivas rexistradas no Concello de San Sadurniño	1,19€
Utilización para usos deportivos por vecinos/as do Concello	7,18€
Utilización para usos deportivos por entidades ou grupos de fora do	17,98€



Concello de San Sadurniño

Concello	
Utilización para competicións non organizadas polo Concello de San Sadurniño	23,96€
Espectáculos ou actos non deportivos (ata 5 horas de duración)	112,95€
C) Piscina municipal	
Conceptos	Importe (en euros)
Entrada individual diaria de persoas adultas	3,78€
Entrada individual diaria de persoas menores de 14 anos	1,90€
Abono de tempada para persoas adultas empadroadas (maiores de 18 anos)	33,43€
Abono de tempada para persoas adultas non empadroadas (maiores de 18 anos)	42,99€
Abono de tempada familiar (ata 4 membros dos cales o 50% ou máis estean empadroados no Concello)	59,71€
Abono de tempada familiar (ata 4 membros dos cales menos do 50% estean empadroados no Concello)	71,65€
No abono de tempada familiar, por cada persoa a partires da 5ª (independentemente do empadramento)	5,97€
Abono mensual para cursos de natación para nenos e nenas empadroados (ata 14 anos)	14,33€
Abono mensual para cursos de natación para nenos e nenas non empadroados (ata 14 anos)	17,91€
Abono mensual para cursos de natación para persoas maiores de 14 anos empadroadas no Concello	23,88€
Abono mensual para cursos de natación para persoas maiores de 14 anos non empadroadas no Concello	29,86€
D) Ximnasio municipal	
Conceptos	Importe (en euros)
Entrada diaria	3,79€
Abono mensual para empadroados	18,95€
Abono mensual para non empadroados	31,59€
Entrada entidades con 10 ou menos usuarios/as	12,64€
Entrada entidades con máis de 10 usuarios/as	18,95€
E) Utilización do Campo de Fútbol dos Currás	
Conceptos	Importe (en euros)
Utilización do Campo de Fútbol dos Currás, para as entidades e persoas usuarias en xeral. Están exentas desta tarifa as entidades locais inscritas no Rexistro municipal de asociacións cuxo obxecto social sexa a promoción do fútbol. Non se regulan franxas horarias intermedias, polo que a superación da hora de duración no uso da instalación supón o pagamento das dúas horas de uso, e así sucesivamente. A dita cota satisfarase, consonte indique a Recadación municipal, con anterioridade á utilización do recinto deportivo, polo que será	35,83€



Concello de San Sadurniño

preciso presentar unha solicitude no modelo habilitado ao efecto.		
F) Servizos culturais e deportivos		
Feito imponible	Matrícula	Cota trimestral (€)
Escolas culturais e deportivas municipais, para maiores de 18 e menores de 65 anos, por cada trimestre ou fracción de duración	18,01€	35,76€
Escolas culturais e deportivas municipais, para menores de 18 e maiores de 65 anos, así como titulares de carné xove, estudantes, pensionistas e familias numerosas	17,22€	23,85€

[...]

ORDENANZA FISCAL Nº T-9, reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva das vías públicas para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga

Artigo 6.º.- Cota.

[...]

ESCALA DA LIQUIDABLE	BASE	COTA BASE ANUAL	COTA ANUAL POR CADA METRO QUE EXCEDA DE 3 METROS
Ata 3 metros lineais		39,01€	13,00€

[...]

ORDENANZA FISCAL Nº T-10, reguladora da taxa sobre a publicidade.

Artigo 6.- Tarifas

[...]

1.-Para rótulos publicitarios a instalar no pavillón polideportivo municipal a que resulte de aplicar a cantidade de 130,06 € por metro cadrado/ano, que será a cota mínima da presente taxa, a cal aumentarase na proporción na que o citado cartel ou rótulo exceda do metro cadrado.

2.-Para rótulos publicitarios a instalar noutros lugares a que resulte de aplicar a cantidade de 46,82 € por metro cadrado/ano, que será a cota mínima da presente taxa, a cal aumentarase na proporción na que o citado cartel ou rótulo exceda do metro cadrado.

[...]

ORDENANZA FISCAL Nº T-11, reguladora da taxa polos servizos asociados á celebración de matrimonios

Artigo 4.º.- Cota tributaria

[...]

a) Si algún dos contraentes está empadroado no Concello de San Sadurniño: 131,82 €.



Concello de San Sadurniño

b) Noutro caso: 237,27 €.

[...]

ORDENANZA FISCAL N° T13 reguladora da taxa pola tramitación de expedientes urbanísticos

Artigo 6°.- Cota tributaria

[...]

a. Para as licenzas de obras, tanto maiores coma menores, e para as comunicacións previas preceptivas segundo os artigos 194 e seguintes da Lei 9/2002, que non estean expresamente recollidas noutro apartado desta ordenanza será aplicable o 0,50% do P.E.M., establecéndose un mínimo de 14,33 € por cada expediente que se tramite

b. Expediente de declaración de ruína de edificios: 71,66 €.

c. Consultas previas, informes, certificados ou cédulas urbanísticas:

· Certificacións urbanísticas: 23,88 €

· Informes xurídicos: 23,88 €

· Informes técnicos: 23,88 €

· Certificados de antigüidade da vivenda: 23,88 €

d. Licenzas e autorizacións para a segregación, parcelación, regularización de parcelas ou división de parcelas, por cada parcela resultante: 21,50 €

e. Licenzas ou comunicacións previas para movementos de terras: 71,66 €

f. Licenzas ou comunicacións previas para a instalación de carteis publicitarios: 23,88 € para superficies inferiores a 1 m² e 47,77 € para os que superen esa medida

g. Licenzas de primeira ocupación: 71,66 € en vivendas unifamiliares

h. Por concesión de prórrogas dos prazos iniciais: 14,33 €

i. Sinalización de aliñación e rasantes: 23,88 €

[...]

ORDENANZA FISCAL N° T-16, reguladora da Taxa polo uso dos servizos e instalacións do Centro Municipal de Empresas de San Sadurniño

Artigo 9.- Bases de imposición e tipos de gravame

[...]

a) Utilización privativa de oficinas: 6,98 €/m²/mes (83,76 €/m²/ano).

b) Utilización da domiciliación da empresa ou entidade: 23,95 €/ano.

c) Utilización da sala de reunións para eventos, por parte de entidades ou empresas que non fagan parte do CME: 5,99 €/hora.

[...]

ORDENANZA P3 reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de San Sadurniño

Artigo 22°.- Custo do servizo de SAF básico

O custo do servizo básico de SAF queda fixado nun prezo da hora de prestación do servizo de 14,14 €, revisable anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.



Concello de San Sadurniño

SEGUNDO. Proceder á publicación da presente actualización no Boletín Oficial da Provincia a efecto do seu público coñecemento.

TERCEIRO. Facultar ao Alcalde para subscribir os documentos relacionados con este asunto

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

